

1 Curso POO PHP Trazos

1.1 Trazos

Os **trazos** (en inglés *traits*) apareceron na versión 5.4 da linguaxe. É un mecanismo que permite agrupar propiedades e métodos comúns a varias clases. Non son clases, e por tanto non poden ser instanciados.

Para usar un trazo dende unha clase emprégase o operador **use**. O resultado de usar un trazo dende unha clase é similar a copiar e pegar o seu contido dentro da clase. Por exemplo, podemos empregar traits para resolver o problema da **herdanza de métodos estáticos** do seguinte xeito.

```
trait Produto {
    private static $num_produtos = 0;
    public static function novoProduto() {
        self::$num_produtos++;
    }
}

class TV {
    use Produto;
    ?
}

class Ordenador {
    use Produto;
    ?
}
```

Os trazos non son un mecanismo de herdanza. Por exemplo, cando un trait contén unha propiedade ou un método privado, como no exemplo anterior, este pode ser accedido dende a clase ou clases que fan uso do trait.

Poden ser empregados en calquera clase independentemente á estrutura xerárquica de herdanza existente. Tamén é posible crear clases que empreguen dous ou máis trazos ao mesmo tempo, separando os seus nomes por unha coma.

```
class Ordenador {
    use Produto, Singleton;
    ?
}
```

--Víctor Lourido 13:07 1 ago 2013 (CEST)